



Estudos de Lingüística Galega

ISSN: 1889-2566

elgilg@usc.es

Universidade de Santiago de Compostela
España

Iglesias Álvarez, Ana
Castelanismos e galeguismos. A súa relación co estándar
Estudos de Lingüística Galega, vol. 8, 2016, pp. 107-125
Universidade de Santiago de Compostela
Santiago de Compostela, España

Disponível em: <http://www.redalyc.org/articulo.oa?id=305646595006>

- Como citar este artigo
- Número completo
- Mais artigos
- Home da revista no Redalyc

redalyc.org

Sistema de Informação Científica
Rede de Revistas Científicas da América Latina, Caribe, Espanha e Portugal
Projeto acadêmico sem fins lucrativos desenvolvido no âmbito da iniciativa Acesso Aberto

Castelanismos e galeguismos. A súa relación co estándar

Ana Iglesias Álvarez

Universidade de Vigo
anaiglesias@uvigo.es

Recibido o 15/01/2016. Aceptado o 04/06/2016

Resumo

No proceso de estandarización do galego, o recoñecemento e substitución dos castelanismos acadou gran relevancia, tanto desde a investigación lingüística, como nos discursos de difusión e transmisión do estándar e tamén entre os propios falantes. Neste artigo poñemos de relevo o que consideramos unha sobrevaloración deste fenómeno, sobre todo na súa visión reducionista aos castelanismos de tipo léxico. Precisamente a presenza destes caracteriza unha variedade do galego que os falantes denominan “castrapo”, coa que se identifica unha parte importante dos galegofalantes, a pesar de ser sancionada e cualificada como “mal galego” no discurso público. Todo isto sen esquecermos a outra cara da moeda, os galeguismos no castelán de Galicia, un fenómeno que, non obstante, atraeu moita menos atención, tanto por parte dos falantes como dos lingüistas. Levamos a cabo polo tanto unha análise destes dous tipos de fenómenos, castelanismos e galeguismos, desde a perspectiva dos falantes, pero tamén na literatura especializada. O fin último radica en descubrir as ideoloxías lingüísticas que se agochan baixo estes discursos e terminoloxía.

Palabras chave

Ideoloxía lingüística, estandarización, castelanismos, galeguismos

Sumario

1. Introducción. 2. Metodoloxía. 3. Os castelanismos e a ideoloxía purista. 4. A perspectiva dos falantes. 4.1. Castelanismos: o castrapo. 4.2. Galeguismos: o castelán de Galicia. 5. Cultura da monoglosia. 6. Conclusións.

Castilianisms and galicianisms. Their relationship to the standard

Abstract

In the context of the Galician language's standardization process, detecting and correcting Castilianisms has acquired great significance in linguistic research in the spread and dissemination of the standard variety, and also among speakers themselves. This article highlights what we consider to be the excessive importance attached to this phenomenon, especially in its reductionist vision of lexical Castilianisms. It is the presence of this type of Castilianism that characterizes a variety of Galician called “castrapo” by speakers, with which significant proportion of speakers closely identify although it is criticized and qualified as “bad Galician” in public discourse. We will also examine the other side of the coin, represented by Galicianisms in the Spanish of Galicia, a phenomenon which has attracted much less attention from speakers and linguists. We carry out an analysis of these two phenomena, Castilianisms and Galicianisms, from the perspective of speakers and in linguistic research. Finally, we analyze the linguistic ideologies behind these discourses and terminology.

Keywords

Language ideology, standardization, castilianisms, galicianisms

Contents

1. Introduction. 2. Methodology. 3. Castilianisms and purist ideology. 4. The perspective of speakers. 4.1. Castilianisms: *castrapo*. 4.2. Galicianisms: Spanish of Galicia. 5. Culture of monoglossia. 6. Conclusions.

1. INTRODUCCIÓN

Cando unha lingua aspira a estender os seus usos a ámbitos formais e escritos, ademais de coloquiais, o repertorio lingüístico aumenta necesariamente, xa que ás variedades tradicionais engádesse unha nova: a variedade estándar ou normativa. A entrada en escena desta variedade implica ademais un posicionamento ideolóxico con respecto á imaxe da lingua que se desexa transmitir, desde o momento en que existe toda unha serie de decisións sobre os elementos lingüísticos escollidos para convertelos en estándar. Estamos a falar do proceso denominado “normativización”, tamén coñecido como “estandarización” ou “planificación do corpus”, en termos de Haugen (1983) e Kloss (1969) respectivamente. O proceso de normativización está estreitamente relacionado co de “normalización”, tamén denominado “planificación do status”, ou, mellor dito, deriva deste. Para unha revisión destes conceptos no noso contexto, véxase por exemplo Lamuela e Monteagudo (1996).

Unha parte moi importante do proceso de estandarización radica na difusión da nova variedade, a estándar, e polo tanto o seu éxito ou fracaso dependerá en gran medida de ata que punto calle entre os falantes. Trátase do subproceso denominado “aceptación” ou “implementación”, que, xunto aos de “selección”, “codificación” e “elaboración”, conforman o modelo proposto por Haugen (1983). Como destacan Lamuela / Monteagudo (1996: 263):

La estandarización supone uno de estos dos procesos, o los dos conjuntamente: (a) la adquisición por parte de los usuarios de la lengua de una variedad estilística particular, el ‘idioma elevado’; o (b) la asimilación de los hablantes al dialecto principal, con el correlativo abandono de sus dialectos subalternos.

Polo tanto, o proceso implica unha certa unificación, aínda que non necesariamente a uniformización ou homoxeneización de toda a comunidade lingüística, “pues las variantes/variedades subestándar pueden conservar su espacio funcional fuera de los contextos formales” (Lamuela / Monteagudo (1996: 263). Porén, na práctica as estratexias de planificación do estándar, no sentido de conseguir a súa aceptación entre os falantes, adoitan perseguir o obxectivo de “naturalizar y legitimar las prácticas y actitudes que las agencias al servicio de la planificación lingüística tratan de promover”, isto é, a variedade seleccionada como estándar e os valores a ela asociados (Del Valle / Gabriel-Stheeman 2004: 27). Isto lévese a cabo a través dos discursos, en forma de artigos, conferencias, entrevistas, libros de texto etc., pero tamén das propias prácticas lingüísticas daqueles que teñen voz pública e, polo tanto, se converten en modelos de lingua, desde profesorado e xornalistas ata representantes políticos, pasando por figuras da cultura. Os falantes anónimos encóntranse no medio desta amálgama de voces, como destinatarios e (re)produtores ao mesmo tempo. Neste artigo imos centrarnos precisamente nos discursos de difusión do estándar da lingua galega, co fin de analizar como son adoptados, e tal vez reformulados, polos falantes, nunha dirección *top-down*. É dicir, pretendemos analizar como os falantes reciben e reformulan as ideoloxías lingüísticas subxacentes nos discursos públicos que perseguen a aceptación do estándar galego.

O concepto de ideoloxía acadou un papel central no estudo das relacións entre lingua e sociedade nos últimos tempos. Non obstante, non encontramos na bibliografía especializada un significado único, senón múltiples, ás veces complementarios e outras incluso contraditorios, ata o punto de que Woolard, unha das responsables da escolla deste termo, se cuestiona sobre o acertado da decisión (Woolard 2007: 130). En calquera caso, non é obxecto deste traballo teorizar sobre o concepto de ideoloxía, polo que imos recorrer ás palabras de Eagleton na busca dunha definición, a pesar de que el mesmo reconece que se pode definir a ideoloxía de “seis maneras aproximadamente diferentes” (1997: 52). En calquera caso, Eagleton indica algunhas características comúns:

La ideología [conxunto de ideas, crenzas e valores] no es una ilusión carente de base sino una sólida realidad, una fuerza material activa que debe tener al menos cierto contenido cognitivo para contribuir a organizar la vida práctica de los seres humanos. (...) muchas de las *proposiciones* que presenta son real-

mente verdadeiras. Sin embargo (...) a menudo o normalmente supone falsedad, distorsión y mistificación (Eagleton 1997: 49).

Por último, á hora de abordarmos este tipo de análises no caso dunha lingua como o galego, non podemos esquecer en ningún momento que estamos a falar dunha lingua minorizada, que, polo tanto, convivía (e convive) cunha lingua teito, o castelán. Esta funcionaba (e funciona?) como rexistro formal para os galegofalantes e continúa ademais a dominar os ámbitos sociais de maior prestixio e a aumentar a súa presenza cuantitativa en xeral, aínda que máis lentamente que noutras épocas. Como consecuencia, consideramos que non podemos estudar a variación lingüística do galego sen termos en conta a do español utilizado en Galicia, xa que cada vez máis unhas variedades e outras entran en contacto en calquera ámbito. Ademais, da mesma maneira que as linguas comparten espazos, tamén o fan os seus respectivos discursos e ideoloxías lingüísticas. Así, as ideoloxías sobre as linguas que se difunden co obxectivo de normativizar e normalizar o galego han de convivir necesariamente coas transmitidas en relación coas outras linguas do noso contexto cultural, sobre todo o castelán e o inglés.

2. METODOLOXÍA

Dado que o noso obxectivo é analizarmos as ideoloxías dos falantes sobre as linguas, na parte empírica da investigación necesitamos acceder aos seus discursos metalingüísticos, xa que o discurso constitúe o medio de expresión por excelencia das ideoloxías e outros fenómenos mentais (Van Dijk 2003). Polo tanto, á hora de producir os datos, recorreremos a unha das técnicas metodolóxicas que mellor contribúe a reproducir os discursos colectivos dos informantes: o grupo de discusión. Así, como recorda Callejo (2001: 47), a situación grupal é adecuada para a produción de discursos ideolóxicos, xa que todo discurso constitúe un produto ideolóxico configurador dunha sociedade.

Decidimos acotar a selección de informantes en función da idade, de xeito que limitamos o estudo ao alumnado de 4º da ESO e, polo tanto, a individuos que se situaban entre os 15 e os 17 anos no momento da realización dos grupos (curso 2012-13). Esta decisión responde ao obxectivo de acceder ao perfil etario escolarizado na última fase, ata o momento, do proceso de estandarización da lingua galega, a que comeza coa aprobación en 2003 da coñecida como “normativa de concordia”, que consensúa as opcións ata daquela en pugna (mínimos e oficial) e continúa vixente na actualidade, tamén chamada “normativa de consenso”. En efecto, o alumnado participante iniciou a súa escolarización primaria no mesmo ano en que se aprobou a normativa actual (curso 2003-04) ou un ou dous anos antes no caso dos repetidores. Polo tanto, trátase de individuos que xa non viviron en primeira persoa o debate normativo e dos que en consecuencia podemos esperar unha visión do estándar galego como variedade máis consolidada que en xeracións anteriores.

En cambio, si buscamos heteroxeneidade canto ao tipo de hábitat e, en consecuencia, o perfil lingüístico dos informantes, de xeito que realizamos dous grupos nun hábitat urbano (a cidade de Pontevedra), G3 e G4; tres en vilas (un en Vilalba e dous en Caldas de Reis), G2, G5 e G6; e dous no hábitat rural (Guitiriz e contorna, por unha parte, e zona de Cuntis, Portas e Moraña pola outra), G1 e G7. Isto permitiunos acceder a representantes dunha ampla variedade de perfís sociolingüísticos: desde monolingües en castelán ata monolingües en galego, pasando por diferentes tipos de combinación de ambas as linguas. En total, nos sete grupos de discusión realizados participaron 52 informantes (sete ou oito por grupo)¹. O desenvolvemento dos grupos foi adecuado en todos os casos, excepto en dous, G5 e G6, onde resultou difícil a creación dun ambiente distendido que permitise a elaboración por parte dos participantes dun discurso espontáneo. Por este motivo, estes dous grupos deben ser considerados entrevistas grupais, “focus group” na investigación anglosaxona.

¹ A parte empírica da investigación levouse a cabo no marco do Plan Anual de Formación do Profesorado, coa subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (cursos 2012-13 e 2013-14).

3. OS CASTELANISMOS E A IDEOLOXÍA PURISTA

Desde o punto de vista teórico e explícito, os principios nos que se basea a elaboración do estándar galego aparecen recollidos nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*, cuxa responsabilidade recae na Real Academia Galega (RAG). Resúmense na seguinte descrición: “Unha lingua común asentada na fala, mais *depurada de castelanismos*, supradialectal, enraizada na tradición, coherente e harmónica coas demais linguas de cultura” (2004: 12, a cursiva é miña).

Se nos detemos agora no primeiro dos catro principios que recollen as *Normas*, lemos o seguinte:

A lingua normativa ten que estar ao servizo da cultura dun pobo real e concreto, e por tanto ha de ser necesariamente continuadora da lingua falada pola comunidade e ha de achegarse canto sexa posible a ela, a fin de enraizar sobre bases seguras e vivas. Agora ben, para que estas bases sexan efectivamente sólidas, a norma debe acoller un galego fiel a si mesmo e limpo de canto de alleeo innecesario hai incrustado na fala viva pola presión do castelán. (RAG 2004: 11).

Por conseguinte, un dos obxectivos na elaboración do estándar foi “limpar” este de elementos “alloeos” ao galego por proceder do castelán, denominados nas propias *Normas* “castelanismos”. De feito, os dous extractos citados mantéñense idénticos desde a primeira edición das normas, en 1982, cuxa única diferenza do cualificativo que se aplica aos “castelanismos”: o adxectivo “espúreo” usado daquela foi substituído polos actuais “alloe innecesario”. En primeiro lugar, “espúreo” non é un termo aceptado no *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* (VOLG), que establece o léxico normativo, nin no dicionario da RAG. Si encontramos “espurio”, cos seguintes significados, na segunda e terceira acepcións: ‘que non é auténtico’, ‘contrario ás leis ou á ética’. Polo tanto, a substitución, ademais dos motivos estritamente “normativos”, tamén parece indicar unha preferencia por termos non tan negativamente connotados. En calquera caso, este principio senta as bases dunha liña de actuación e a contraria ao mesmo tempo, isto é, por unha parte continuar a fala do pobo, pero por outra rexeitar desta todo o que non sexa considerado “fiel” ao galego “pola presión do castelán”. Esta distinción remite necesariamente a criterios históricos, asumindo ademais que se trata dun “problema” estendido, dada a prioridade que se lle outorga nas *Normas*. Así, os castelanismos convértense, en efecto, nun dos focos do proceso de estandarización. Porén, nas *Normas* queda sen especificar nin exemplificar a que tipo de castelanismos se refiren os seus autores. O concepto de castelanismo definido como “canto de alloe innecesario hai incrustado na fala viva como presión do castelán” pode facer referencia a calquera nivel da lingua: fónico, morfolóxico, sintáctico ou léxico. Non obstante, o termo “castelanismo” vinculouse durante moito tempo en primeiro lugar ao campo do léxico, tal como recolle o dicionario da RAG na súa primeira acepción: ‘trazo idiomático ou *vocabulo* propio do castelán’ (a cursiva é miña). En efecto, á hora de trasladar o primeiro principio das *Normas* ao discurso lingüístico, os castelanismos foron interpretados sobre todo como castelanismos léxicos.

A relevancia outorgada aos castelanismos podemos percibila tanto no ámbito da investigación lingüística, como nos manuais e libros de texto. Así, o seu tratamento forma parte dos contidos do currículo da materia *Lingua galega e literatura* (DOG, 29 de xuño de 2015), onde o termo “castelanismo” aparece sete veces, como por exemplo no 3º curso da ESO: “LGB. 4.2.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso”. Máis alá das referencias explícitas aos castelanismos no currículo e, en consecuencia, nos libros de texto, resulta especialmente significativa a presenza transversal que acada o seu recoñecemento e substitución nas aulas. Seguramente moitos profesores e profesoras poderán confirmalo e recoñecerse en exercicios do tipo “Identifica os castelanismos dos seguintes enunciados e indica a forma estándar correspondente”, referidos unha vez máis ao léxico. Podemos consultar, a modo de exemplo, o exercicio 5 da opción A da proba de acceso á universidade (PAU, setembro 2015).

Canto á bibliografía especializada, imos citar só algúns exemplos que nos parecen suficientemente ilustrativos da grande importancia concedida aos castelanismos e, en concreto, aos pertencentes ao ámbito léxico. Graña Núñez, nun manual titulado *Vacilacións, interferencias e*

outros ‘pecados’ da lingua galega (1993: 87), afirmaba que “é no plano léxico onde máis se deixaron senti-las consecuencias da que poderíamos denominar ‘dinámica deturpadora’ (...) De entre tódolos desvíos da norma estándar que afectan á pureza e enxebreza da lingua galega, son os castelanismos os que constitúen o corpus máis importante”.

Máis de 15 anos despois, Freixeiro Mato na súa obra *Lingua de calidade* (2009: 129) insiste:

Se a morfoloxía e a sintaxe galegas, tamén a fonética, se viron afectadas por quiñentos anos de dominio do castelán como lingua do poder na Galiza, que dicirmos do léxico? A castelanización foi tan intensa neste ámbito que mesmo afectou o nome do país e o noso propio nome de galegos e galegas.

Estes dous extractos evidencian a ideoloxía “purista” na que se instaláron moitos dos estudos e planificadores do galego, derivada á súa vez dos principios das propias *Normas*, como acabamos de ver, e herdeira dos escritores incluídos no período denominado por Fernández Salgado / Monteagudo (1995) “enxebriante ou diferencialista” (primeiro terzo do S. XX). Estes autores resumen:

de exceptuármolos-los encadrables na fase do galego popular, a case totalidade dos poetas e prosistas sentiron a necesidade de *elimina-los elementos espurios* á lingua. Este *sentimento purista* na procura dunha lingua diferencial, *distanciadora do castelán e xeradora de identidade propia* dominaría o proceso de “nacionalización” do galego durante o primeiro tercio do galego [sic] (Fernández Salgado / Monteagudo 1995: 123, a cursiva é miña).

Recentemente, Rei-Doval (2013) realiza unha revisión da ideoloxía purista, aínda que centrándose, xa na época actual, no que el denomina “grupo da Coruña” (sobre todo, Freixeiro Mato e Sanmartín Rei). Se ben coincidimos en que estes autores representan o seu máximo expoñente, consideramos que se trata en xeral da ideoloxía máis estendida nos discursos de estandarización do galego, expresada de forma máis ou menos explícita segundo os casos. Así, Fernández Salgado, quen tamén examina o concepto de purismo, afirma (2003: 95-6):

Ós profesores que tiven na Universidade de Santiago e no Instituto da Lingua Galega, enfeitizábaos o tema da corrección lingüística do galego. Foron eles quen transmitiron á miña xeración a súa paixón polas *palabras correctas*. (...) A *depuración lingüística* tamén foi a operación principal acometida na elaboración do *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLG)*. (...) O *purismo* foi, sen dúbida, a ideoloxía prevalente na composición das *NOMIG* do 82, á par do populismo e oralismo (a cursiva é miña).

Por suposto, non se trata dunha ideoloxía orixinal nin nova, senón que adoita acompañar calquera proceso de estandarización e non só no caso de linguas minorizadas, senón tamén das dominantes. Seguindo a Romaine (1996: 109),

ninguna outra variedade tiene los recursos y el prestigio del estándar escrito. El hecho de que exista como un objeto descrito en los libros de gramática produce la idea de que es, de alguna manera, la lengua “vernaculara” y “legítima”, y que las otras variedades son versiones degeneradas o corruptas de ella.

Efectivamente, no noso contexto o discurso que representa esta ideoloxía aliméntase de todo este tipo de termos pertencentes ao campo semántico da pureza e os seus contrarios, como deturpación, dexeneración, contaminación, corrupción, pecados etc. Máis aínda, como intentaremos demostrar, os planificadores das linguas minorizadas e, no caso concreto que nos ocupa, do galego, o que fan é imitar e reproducir as estratexias e o discurso puristas aplicados ás linguas dominantes. En efecto, como sinala Rei-Doval (2013: 262), “son comúns a estratexia e o desexo puristas de conecta-la lingua estándar coa forza da nación que fala esa variedade promovida como lingua nacional. Eis a razón de que acabase aplicándose tal visión tamén ás linguas minorizadas”. Así, no proceso de construción nacional percíbese a necesidade de reducir as diferenzas internas. En palabras de Del Valle (2004: 25), citando á súa vez a Hobsbawn, “las particularidades individuales y locales deben quedar subordinadas (y si es necesario sacrificadas incluso) a la identidad colectiva”. E, na construción desta identidade colectiva, a lingua acada un

papel preponderante, unha lingua concibida tamén sen diferenzas internas, como unha variedade homoxénea, a estándar, que pasa a ser a única considerada lexítima. Recalde (2003: 63) tamén realiza esta interpretación da ideoloxía purista, indicando que responde á

necessity to create a standard language that becomes a symbol of national identity, for which it is essential to purify it of foreign elements, especially of those which are believed to have originated in the superimposed language, although the antiquity and integration into the system of these elements are recognised.

Non obstante, hai unha diferenza importante entre o purismo nas linguas dominantes e as minorizadas. Como recorda Rei-Doval (2013: 262): “as comunidades minorizadas presentan como especificidade o feito de a pureza da súa identidade se construír por contraste e oposición ó Estado-nación que pretende absorbelas e/ou dominalas, o que axuda a entende-lo seu desexo de se independizaren respecto a este”. En consecuencia, o proceso de “unificación” e “depuración lingüística” baséase no afastamento da lingua representante do Estado opresor, no noso caso, o castelán. Isto explica o “éxito” e grande difusión da ideoloxía purista na elaboración do estándar galego, entendida sobre todo como diferenciación con respecto ao castelán e, polo tanto, identificación e substitución dos castelanismos.

Por outra parte, a ideoloxía purista está estreitamente relacionada co que Woolard denomina a “ideoloxía do anonimato”, a pesar de que esta autora vincula esta ás linguas hexemónicas, fronte á “ideoloxía da autenticidade”, asociada, en cambio, ás linguas minorizadas e ás variedades non estándar. A ideoloxía do anonimato intenta desenvolver unha lingua “libre de identificacións locais concretas”, “una lengua pública común, estandarizada y no marcada” (Woolard, 2007: 133-4). Como sinalan O'Rourke / Ramallo (2013: 291), efectivamente “standard Galician is described as polydialectal in that it is not seen to derive from any one single variety (...). Arguably, therefore, its *anonymity* stems from the absence of traces of any recognizable local variety”. Na difusión desta variedade estandarizada, a escola e os medios de comunicación desempeñan un papel fundamental: “Bajo el poder persuasivo de las escuelas y los medios de comunicación, la gente llega a aceptar el poder de la lengua como algo natural e inherente a la lengua misma. Tras haber perdido sus raíces sociales, se convierte en una lengua ‘de ningún lugar’” (Woolard 2007: 135). Non obstante, para conseguir esta aceptación por parte dos falantes, cómpre dotar o estándar de función simbólica, alén da instrumental e comunicativa, é dicir, que sexa quen de “encarnar el espíritu de la nación y/o representar (aunque sea en una relación arbitraria) la unidad nacional” (Del Valle, 2004: 26). Como analizaremos na seguinte epígrafe, non semella que o estándar galego acadase ata o momento este valor simbólico, xa que efectivamente non se trata dunha lingua dominante e, polo tanto, nos seus falantes vai ter máis forza a “ideoloxía da autenticidade”, que

sitúa el valor de una lengua en su asociación con una comunidad concreta y como expresión de su espíritu (...). Para ser auténtica, una variedad de habla debe ser claramente ‘de algún lugar’ en la conciencia de los hablantes. Si no se pueden hallar sus raíces en un territorio social y geográfico, carece de valor (Woolard, 2007: 131-2).

Repárese en que na ideoloxía purista dos discursos da estandarización do galego, os termos “auténtico” e “autenticidade” tamén acadaron grande relevancia, pero cun significado diferente do que teñen na proposta de Woolard, como opostos a “anonimato”. No caso do purismo, “auténtico” equipárase a “lexítimo” e remite ao “galego fiel a si mesmo” do primeiro principio das *Normas* reproducido máis arriba, co significado en definitiva de “diferenciado con respecto ao castelán”. Son moi claras neste sentido as seguintes palabras de Sanmartín Rei (2009: 27): “non é posible manter ningunha actitude diferente á do *purismo*, entendido sempre non como reforzo normativo senón como lóxica procura dun modelo de lingua *auténtico afastado do español*” (a cursiva é miña). Como veremos, nos discursos dos falantes, o concepto de auténtico remite en cambio ao local e singular, en oposición ao anónimo (o que non é de ningún lugar), de acordo coa interpretación de Woolard.

Co fin de seleccionar o que é admitido ou non neste galego “lexítimo” e “auténtico” —o estándar—, recórrase ao argumento da “pureza xenealóxica”, isto é, ao criterio etimolóxico, de xeito que se rexeita todo aquilo que se atribúe a un cambio lingüístico provocado por influencias externas, neste caso polo contacto coa lingua dominante, o castelán, fronte aos cambios provocados por evolución interna da lingua (Thomason 2001: 86). Cómpre aclarar, seguindo a esta autora, que “the difference between contact-induced changes and internally-motivated changes largely disappears. The main difference (...) is in the trigger for the change”, de xeito que nos primeiros o desencadeante radica na influencia doutra lingua. É máis, ás veces as motivacións externas e internas combínanse para dar lugar a un cambio lingüístico. De todos os xeitos, no caso do léxico, a identificación das influencias do castelán adoita ser pouco cuestionada na literatura. Porén, si encontramos debate con respecto á influencia ou non do castelán por exemplo respecto ao fenómeno da gheada, xa no nivel fónico. E, precisamente, como denuncia Recalde (2003), os seus detractores baseáanse na teoría da súa orixe castelá (tese castelanista), recorrendo así ao argumento xa citado da “pureza xenealóxica”: se se demostra que a gheada apareceu no galego como resultado da influencia castelá, isto considérase motivo suficiente para rexeitala. Coincidimos con esta autora cando conclúe “it appears that the academic debate over the acceptance or rejection of the *gheada* as a standard variant will have to begin to use arguments different from those of genealogical purity and authenticity” (Recalde 2003: 70).

A ideoloxía purista derivou nos últimos tempos no que podemos denominar a “ideoloxía da calidade da lingua”, que establece unha relación directa entre a defensa do uso do galego, como posicionamento ideolóxico, e as escollas lingüísticas máis puristas, no sentido de “máis galegas” desde un punto de vista xenético. Como establece Sanmartín Rei (2009: 36, a cursiva é miña):

A calidade de lingua que empregamos é un sinal inequívoco, público, notorio, do noso compromiso lingüístico. O grao de deturpación, de españolaización, de falta de coidado co idioma que mostramos a cotío mostra, fai evidente, a relaxación nesta materia. Non é posible acreditar, neste contexto histórico, nun discurso de defensa da lingua galega usando un modelo de lingua tan pouco acaído, tan corrompido (...) temos que utilizalo correctamente e restituír aquelas formas hoxe esquecidas ou preteridas.

Obsérvase como se contrapón a suposta “deturpación” e “corrupción” do galego actual, identificada coa súa “españolaización”, fronte á recuperación de formas do pasado, isto é, a volta ás orixes, recorrendo a un criterio histórico, etimolóxico ou xenealóxico. En definitiva, trátase de preservar a superioridade da variedade estándar, única para toda a comunidade, sobre as demais, co argumento de que se trata da variedade “auténtica” no sentido de “depurada de castelanismos”. Coincidimos con Regueira (2012) cando defende que a noción de “calidade da lingua” responde non a criterios lingüísticos senón a xuízos de valor e xuízos sociais.

De novo os que en maior medida representan estas ideoloxías son os estudosos que se integran no que Rei-Doval denominou “grupo da Coruña”, aínda que as encontramos así mesmo en autores fóra deste círculo. Así, por exemplo González González (2012: 46) afirma:

A pesar de contar con todas estas ferramentas [normas, gramáticas, dicionarios, vocabularios] que, en teoría, facilitarían a utilización desta lingua dunha maneira correcta, o galego nunca se utilizou cun nivel de calidade tan baixo nin cun nivel de contaminación tan alto.

E este feito supón un perigo real para o futuro da lingua. Ninguén discute que cómpre normalizar o status do galego e estender o seu uso, iso é incuestionable. Pero tamén é necesario velar pola calidade da lingua, porque as linguas morren porque as deixan de falar os seus potenciais usuarios, pero tamén desaparecen por desfiguración do seu corpo, a través dun proceso de ‘patoisización’.

Como vemos, repítase o mesmo tipo de terminoloxía: “calidade” fronte a “contaminación”. Por conseguinte, o galego “de calidade” é o “galego auténtico”, “fiel a si mesmo”, en contraste co galego castelanizado, froito da “deturpación” e “españolaización”. Cómpre aclarar, de todos os xeitos, que nestas afirmacións González se refire ao “galego urbano”, é dicir, ao dos falantes “maioritariamente urbanos, que teñen na súa maioría o castelán como lingua materna” (González González 2012: 47), e caracterízao por presentar castelanismos nos planos fonético e morfosintáctico, fronte ao “galego tradicional”, no que se “perseguen” sobre todo, como xa vimos,

os castelanismos léxicos. Trátase do “novo galego urbano” (Regueira 1999, Dubert 2002) ou “galego dos neofalantes”, tamén denominadas “neofalas” (O’Rourke / Ramallo 2013), en contraste co “galego tradicional”, “galego popular” (Dubert 2002, Silva Valdivia 2013) ou “galego dialectal” (Kabatek 2004). En efecto, as ideoloxías “purista” e de “calidade da lingua” dedicaron nos últimos tempos moita atención a esta nova variedade. Polo tanto, cómpre facermos neste momento unha distinción entre estes dous perfís de falantes, xa que en principio as súas características tanto sociais como lingüísticas son opostas, aínda que representan as dúas grandes variedades —máis ben continuos lingüísticos— que son acusadas de falta de calidade da lingua, debido á presenza nelas de castelanismos. Non obstante, baixo a etiqueta xenérica de “castelanismos” agóchanse fenómenos de diferente tipoloxía, tanto polo nivel de lingua a que afectan como polo seu grao de penetración e integración. De todos os xeitos, algúns autores denuncian que este galego “fortemente castelanizado na fonética, na sintaxe e na morfoloxía verbal (...) que podería entenderse como un estadio intermedio na adquisición dun novo código (...) empeza a contaminar a galegofalantes tradicionais” (Silva Valdivia 2013: 298). Sexa como for, consideramos que resulta necesario estudar este tipo de fenómenos de acordo coa abundante teoría do cambio lingüístico existente e desde unha perspectiva empírica, é dicir, de descrición lingüística de mostras de fala reais. Como xa dixemos, neste artigo limitámonos a analizar os discursos metalingüísticos dos falantes, esperando poder ampliar no futuro o estudo nestoutro sentido. Ademais, centrámonos unicamente no galego tradicional ou popular, xa que entre os nosos informantes ninguén se presentou como neofalante e nos casos en que o moderador preguntou por este perfil, afirmaron non coñecer ningún caso e mesmo non saberen a que se refería exactamente esta etiqueta.

No extracto de González González citado aparece ademais outro dos argumentos amplamente utilizado polas ideoloxías purista e de calidade da lingua, o “medo” á asimilación no castelán, argumento recorrente desde o principio do proceso de estandarización, co fin de xustificar a postura purista, como sinalan Fernández Salgado / Monteagudo (1995: 123) con respecto aos escritores do período “enxebriante ou diferencialista”: “dado que nas situacións de contacto lingüístico entre linguas próximas, o influxo da lingua hexemónica tende a acurta-la distancia lingüística entre as dúas variedades, o diferencialismo no caso do galego acabou lexitimándose como resposta efectiva nunha estratexia antiasimilista”.

Para finalizar esta epígrafe, recorremos de novo ás palabras de Freixeiro Mato (2014: 13), quen resume a situación actual do galego afirmando que, “cando menos no ámbito académico”, “ten un alto grao de aceptación a aseveración de a lingua falada, sobre todo a nivel popular, mais igualmente en determinados ámbitos formais, como o político, presentar moitas interferencias da súa lingua teito, o español.” Ante esta situación, este autor posiciónase claramente:

O autor destas liñas acredita firme e honestamente en que non é posíbel normalizar unha lingua fondamente castelanizada e que as propias persoas que a falan valorizan pexorativamente como produto da contaminación e mestura con outra lingua que socialmente goza de maior prestixio. E non o considera posíbel polo feito en si propio, mais porque os membros da comunidade lingüística —utentes activos/as ou pasivos/as do idioma en diferentes graos— nunca apostarán seriamente na normalización dunha lingua que perciben como falta de autenticidade, de rigor e de coherencia. O prestixio é necesario para a revitalización do idioma e só se pode conseguir desde a calidade e a autenticidade (Freixeiro Mato 2014: 13-4).

Vemos nesta cita como efectivamente se vincula a normalización cunha determinada postura con respecto ao proceso de estandarización, baseándose nos criterios de prestixio e autenticidade das linguas e atribuíndo esta ideoloxía ademais aos propios falantes, “utentes do idioma”. Á parte de que, como xa dixemos, estamos ante xuízos de valor, consideramos moi arriscado a atribución aos falantes de ideoloxías sen lles preguntarmos a eles mesmos, sen recollermos e analizarmos os seus propios discursos. De aí que precisamente a investigación da que extraemos os datos se centrase en dar voz aos falantes. A través das súas palabras imos estudar como valorizan as variedades lingüísticas e ata que punto reproducen ou non nos seus discursos as ideoloxías lingüísticas purista e de calidade da lingua.

Como xa explicamos, limitámonos a unha franxa etaria moi concreta, que escollemos ademais porque establecemos como hipótese que podía representar cambios con respecto a xeracións anteriores canto á imaxe do estándar, dadas as mudanzas acontecidas no último período do proceso de estandarización. Por conseguinte, os resultados teñen que se limitar necesariamente polo momento a este segmento de poboación: alumnado de 4º da ESO. Ademais, ao tratárense de individuos inmersos no último ano de escolarización obrigatoria, supoñemos que na súa formación ideolóxica van acadar grande importancia os discursos do profesorado. De feito, nalgúns momentos fan referencia explícita a aspectos que estudaron nas aulas. En calquera caso, o que nos interesa é como eles e elas recollen todas estas influencias, non só do profesorado senón tamén dos demais axentes de socialización, e conforman e producen un discurso propio.

4. A PERSPECTIVA DOS FALANTES

4.1. Castelanismos: o castrapo

Entre o alumnado galegofalante que participou na nosa investigación encontramos unanimidade á hora de caracterizar a súa forma de falar pola presenza de castelanismos léxicos, como revela a seguinte selección de extractos:

- “eu por exemplo nunha frase podo dicir tres palabras en castelán e tres en galego aínda que sea galegofalante” (G1)
- “aquí en galego por cada tres palabras que soltamos dúas delas son castelanismos” (G2)
- “vou:: dicir vou á escola / non vou á escola ou ao colexio entendes? non non digo: moitas cousas non as digo como son normativas en galego falo castelán pero nin eu nin a maioría da xente falante así en galego que me fala a min polo menos” (G5)

Así, citan, a modo de exemplo, palabras normativas que coñecen, pero non utilizan, xa que no seu lugar “prefiren” os castelanismos correspondentes. Aparecen de forma recorrente nos seus discursos as seguintes: “garfo, culler, tesoiras, lixivia, bolboreta, xoaniña, por exemplo, escola, colexio” etc.

Como xa analizamos noutro artigo (Formoso / Iglesias / Rial no prelo), “son conscientes de que estes castelanismos non forman parte do estándar” e pasan a identificar esta variedade precisamente pola ausencia dos castelanismos léxicos. En palabras dun informante: “o normativo non ten castelanismos por iso é normativo” (G2).

En contraste, a variedade con castelanismos léxicos denomínana “castrapo”, termo que aparece espontaneamente na maioría dos grupos onde hai galegofalantes, xa desde as primeiras intervencións. É dicir, son os propios informantes os que recorren a esta denominación, de xeito que, só cando non xorde de forma espontánea, é o moderador quen lles pregunta por ela. Isto só acontece no único grupo formado totalmente por castelanfalantes (G3), así como nos dous grupos que resultaron entrevistas grupais (G5 e G6), nos que todos os temas foron propostos polo moderador. O mesmo ocorría no estudo piloto previo a esta investigación (Iglesias Álvarez 2013), no que se realizaran tres entrevistas grupais a alumnado de 2º da ESO de Caldas de Reis. O termo castrapo sempre era introducido polos informantes por iniciativa propia e ademais desde as primeiras intervencións, xa nas autopresentacións. Por este motivo, xa daquela afirmabamos: “necesitan recorrer ao castrapo á hora de explicar a súa identidade como falantes” (Iglesias Álvarez 2013: 177).

Aínda que nun primeiro momento definen o castrapo como “mezcla de gallego e castellano” (G7), “unha maneira de designar unha mestura entre dúas linguas” (G5), e que hai castelanfalantes que tamén afirman “castrapear”, maioritariamente este termo aplícase ao galego con influencias do castelán no léxico. O seguinte fragmento resulta especialmente ilustrativo da súa concepción do castrapo como galego con castelanismos léxicos, en oposición ao galego estándar, aínda que, como se pode ver, con certas vacilacións (a cursiva é miña):

Mod: coñeces o que é o *castrapo*?
 Todos: si, si
 E: o *que falamos* [risas]
 Ro: esa: é esa *mestura*/ non?
 Ri: o *galego con palabras casteláns*
 Mod: o galego con palabras casteláns? eso sería *castrapo*?
 Ri: si
 Mod: e o *castelán con palabras do galego*?
 E: *non existe* [risos de todos]
 Ma: pois eu diría que si que existe
 Ri: si pero é *castrapo* doutra forma
 Ma: penso que é *castrapo* pero en vez de *castrapo al gallego castrapo al castellano*
 Mo: rara vez eu creo
 D: pero o que é *máis conocido é o do gallego* non?
 Ma: hombre si
 D: sempre é o que se di
 Ro: o que suele falar castelán pois xa fala castelán non suele mezclar palabras galegas pero o que fala galego
 Ri: pero ti cando falas castelán mesclas palabras gallegas
 Mo: rara vez eu creo (G6)

No estudo piloto encontramos tamén esta asociación do *castrapo* ao galego, pero de forma aínda máis tallante, de xeito que aqueles que se autopresentaban como falantes de *castrapo* eran os mesmos que escollían no cuestionario escrito a opción “só ou máis galego” como lingua habitual e “en contraste, aqueles que se presentan como monolingües en castelán en ningún momento asocian o seu xeito de falar ao *castrapo*” (Iglesias Álvarez 2013: 181). En calquera caso, como veremos na seguinte epígrafe, os castelanfalantes tamén recoñecen na súa fala influencias do galego, pero evitan a etiqueta *castrapo* para definila (Formoso / Iglesias / Rial no prelo). Isto non deixa de ser sorprendente, posto que ademais o termo “*castrapo*” se aplicou tradicionalmente ao “castelán agalegado”. Con este significado recólleno Rojo (2004: 1092), Recalde (2012: 670) ou Freixeiro Mato (2013: 213), entre outros. Por exemplo, Rojo (2004: 1092) defíneo como “la variedad que surge de los intentos por expresarse en español por parte de gallegohablantes que tienen un conocimiento muy imperfecto de la otra lengua” e engade que se trata dunha “denominación casi siempre peyorativa”. Inclúea polo tanto dentro do subconxunto de variedades correspondentes ao español, xunto co “castellano de Galicia” e o “español estándar peninsular” (Rojo 2004: 1092). Como vemos, trátase dunha definición moi afastada do significado que asignan ao mesmo termo os nosos informantes.

O “*castrapo*” é a variedade lingüística que se transmite na familia e constitúe polo tanto a lingua materna ou inicial destes falantes, con todas as implicacións identitarias e afectivas que isto supón. Así, refírense a ela como “galego da familia, galego dos meus pais, galego de toda a vida”. Polo tanto, trátase dunha variedade dentro do galego, “pero non unha variedade calquera, xa que goza, fronte ás demais, dun elevado poder simbólico e emocional” (Iglesias Álvarez 2013: 187). En definitiva, como xa afirmamos noutro artigo, “a identificación entre o *castrapo* e a maneira de falar galego dos galegofalantes é total” (Formoso / Iglesias / Rial no prelo).

Ademais destas motivacións, no mantemento do *castrapo* tamén pesa moito o factor da comodidade e o hábito e incluso ás veces o descoñecemento, aínda que en xeral o alumnado participante recoñece que o uso dos castelanismos se debe máis a unha falta de interiorización que á ignorancia. Proba disto é que, como vimos antes, son quen de poñer numerosos exemplos nos que exemplifican como na súa fala cotiá espontánea “escollen” os termos non estándar, mais saben indicar cales son os termos normativos correspondentes. Esta falta de interiorización da variedade normativa acentúase debido ao seu escaso contacto con ela: “o galego normativo solo: eu polo menos solo o escoito na escue- na escola e: na televisión e pouco máis” (G5).

De aí que por unha parte cualifiquen o *castrapo* e, polo tanto, o que eles falan, como incorrecto, “que non está ben dito”, e por outra, en cambio, intenten reivindicalo e rexeiten a súa cualificación de incorrecto, por exemplo por parte do profesorado: “hai profesores que che din

que cando falas ti non é *correcto* e non ten por que non ser *correcto* é simplemente como aprendiches a falar ti galego che din ó millor un castelanismo ou que sei que unha palabra non se (pronuncia) así" (G4). Así, néganse a aplicarlle ao castrapo adxectivos pexorativos como "vulgar"²:

Mod: tendes alguna persoa importante/ algún amigo ou amiga que fale galego estándar?

Ma: eu no

Mod: por exemplo o meu galego que vos parece? <3>

Ro: estándar (todos asenten)

Mod: falo mellor galego ca vós?

Ro: falas *galego estándar*

Mod: falo galego estándar xa o sei pero: como valorades ese galego con respecto ao voso? falo mellor galego ca vós ou igual que vos parece?

A: e sería igual algo *máis formal*

E: empregas así algún dialectos máis *cultos* e non tan: *vulgares*

Ma: a ver que tampouco é *vulgar* o que empregamos nós, éh?

Al: *coloquial* en todo caso

Ma: si *coloquial* en todo caso, tes razón pero tampouco:

(G6, a cursiva é miña)

Observamos como, co fin de desfacer a contradición na que eles mesmos incorren con respecto á corrección ou non do castrapo, introducen a diferenza entre as variedades en función do grao de formalidade e o tipo de ámbito (público ou privado): "nun documento escrito formal non podes poñer (cousas) en castelán pero (ao mellor) estás falando cos teus amigos e si" (G1); "pois haino que usar [o castrapo] na / bueno / eu polo menos úsoo cando estou cos meus amigos ou así [escóitase unha afirmación] / pero o normativo / pois xa o dixeran / cando te diriges a alghén importante ou así" (G7).

Paralelamente, tamén atopamos informantes que amosan unha clara vontade correctora, no sentido de converxencia cara ao estándar na súa fala cotiá, aínda que son posturas minoritarias:

Mod: e que opinades sobre iso? sobre ese xeito de falar que dicides que tedes con con tanto castelanismo

P: pois que haberá que ir evolucionando e: cambiar cambiando / non digo que haxa que falar galego normativo sempre porque si hai algunhas palabras que igual (xa) son demasiado para o ámbito culto e tal pero: intentar galeguizar un pouco máis o idioma (que se fala e tal) (G2)

Estes informantes máis "puristas" distinguen entre dialectalismos e castelanismos, así como entre oralidade e escritura, de xeito que son máis permisivos con aqueles, aínda que só na vertente oral:

A: no oral o que deberíamos substituír son os castelanismos =

P: = claro =

A: logo as variedades (dialectais) do vocabulario no / eso é no escrito (G2)

P: eu penso que: [algún ri] eu penso que: hai que saber porque eu estou en contra de que se utilicen castelanismos e tal e intento evitalos no galego pero: sin embargo creo que por exemplo o de decir excursiós en lugar de excursións hai que escribir o galego: normativo pero no ámbito coloquial se ti es desta zona igual que un que fala con gheada a utiliza eu tamén poido dicir excursiós porque realmente un andaluz tampouco forza o seu acento para falar así o castelán normal e: entón xx unha lingua porque xx

A: i os madrileños tamén que dicen el la dijo (G2)

² Neste sentido, concordamos coa crítica que realiza Marcos Bagno ao termo "culto" aplicado ás linguas ou normas, no sentido de que implica necesariamente o seu antónimo, "inculto", e este asóciase no imaxinario colectivo a adxectivos tan negativos como "incivilizado", "ignorante", "bruto", "vulgar" etc. Como sinala este autor, "do punto de vista sociolóxico e antropológico, simplemente *não existe nenhum ser humano que não esteja vinculado a uma cultura*" (Bagno 2003: 58). Polo tanto, á hora de referirmos á variación intralingüística deberíamos evitar o termo *culto*, fronte a *vulgar* ou *popular*, para utilizar no seu lugar as etiquetas *formal* e *informal* ou *coloquial*, máis neutras.

En definitiva, os galegofalantes presentan un repertorio plurilingüístico e pluridialectal que inclúe tres opcións. En palabras dun deles: “depende / no / porque tanto podes falar gallego / como castrapo / como castellano” (G7). Dado que o castrapo se opón ao estándar e este é presentado como unha variedade diafásica para ser usada en contextos formais, o castrapo pasa a situarse tamén neste parámetro de variación, isto é, xustifícanse como unha variedade diafásica coloquial e, en consecuencia, totalmente lexítima para ser empregada nos usos cotiáns espontáneos da lingua. Como recolleemos en Formoso / Iglesias / Rial (no prelo): “estes galegofalantes defenden plenamente a súa valía no ámbito coloquial”.

Fronte á variación (diafásica) que recoñecen no galego, no caso do castelán, redúcese a unha única variedade, polo menos no que respecta aos galegofalantes, variedade que identifican ademais co estándar.

AN: e nós como aprendemos do libro xa damos as palabras que se din en castellano

N: si

AN: non aprendemos como na calle

Mod: ah va- o sea queres dicir que entón xa aprendes só o castellano normativo =

AN: = claro (...)

Mod: vale i co galego iso non pasa

AN: é que é normal tes / variantes (G7)

Deste xeito, mentres o “galego estándar” é unha variedade homoxénea (común e supra-dialectal), o castrapo inclúe as diferentes variedades dialectais mais os castellanismos léxicos, en diferentes graos. Como xa sinalaba Dubert (2002: 21), poden establecerse “diferencias entre distintos sociolectos [do galego] en función da cantidade de innovacións castellanizantes que aparezan ou en función da cantidade de trazos *enxebres* que se conserven”. É o que Dubert denomina “mesolectos”, fronte ao “basilecto”, que sería a variedade máis conservadora, tanto no acento como no léxico ou a gramática. Polo tanto, a etiqueta xenérica de “castrapo” parece agochar máis ben un continuo, diferenciado polo nivel de presenza de castellanismos, por unha parte, e pola outra polos dialectalismos específicos de cada zona. Non obstante, os falantes, polo menos no grupo etario estudado por nós, refírense a el como unha variedade única, en cuxa identificación prima a característica de presentar castellanismos léxicos, aínda que, como acabamos de ver, efectivamente algúns os eviten en maior medida ca outros.

Para concluír, os galegofalantes demostran ter interiorizada a ideoloxía purista que os planificadores difundiron con respecto ao galego, de xeito que nos seus discursos metalingüísticos o tema dos castellanismos acada grande relevancia, nalgúns casos expresado de maneira moi semellante á dos discursos públicos —“tamén o galego oral está plagado de castellanismos” (G2)—, ata o punto de que necesitan recorrer a unha etiqueta diferente para identificar o seu galego oposto ao estándar: “por dicilo dalgunha maneira castrapeamos” (G2). Este castrapo caracterízase principalmente pola presenza de castellanismos léxicos, pero tamén por trazos dialectais, sobre todo pola gheada, característica fónica que, como vimos, tamén é obxecto de crítica nos discursos públicos máis puristas, a pesar de que é cuestionable que teña a súa orixe na lingua dominante (Recalde 2003). Coincidimos polo tanto con Monteagudo (2004: 397), cando afirma: “Podemos dicir que o castrapo é un lecto ou variedade que se acha caracterizado por un número reducido de variables, variables que ademais pertencen por unha parte só ao plano léxico e noutros a este e tamén ao fónico (cando se inclúe a gheada)”. De aí que este autor sinala: “determinadas variantes poden asociarse a máis dun tipo de ‘lecto’, e mesmo poden mudar de estatus: como antes sinalamos, a gheada, por exemplo, que en principio é unha variante diatópica, pode converterse nun momento dado ou para certos falantes nunha variante estilística” (Monteagudo 2004: 396)³.

³ Cómpre engadir que, cando o castrapo inclúe a gheada, os falantes cualifican a súa propia maneira de falar como “bruta” ou “do monte”, como ocorre no G7 (véxase Formoso / Iglesias / Rial, no prelo), de acordo co alto grao de estigmatización deste fenómeno.

Non obstante, isto non significa que os falantes asuman todas as implicacións que a ideoloxía purista e de calidade da lingua intenta impoñer, no sentido de abandonaren a súa variedade dialectal en función da variedade estándar. Así pois, das dúas posibilidades que expoñían Lamuela / Monteagudo, recollidas na introdución, estes falantes decántanse pola opción a), é dicir, adquiren o estándar como variedade estilística pero sen se asimilaren a ela, no sentido de abandonaren os sus “dialectos subalternos”. En efecto, a variedade que desempeña para eles a función simbólica é o “castrapo”, mentres que a variedade estándar cumpre só unha función instrumental, isto é, para ser usada nos contextos máis formais, que en realidade son moi escasos, polo menos na franxa etaria estudada. No seu discurso observamos como aplican a “ideoloxía da autenticidade” no sentido de Woolard. De feito, o valor simbólico do castrapo procede da súa oposición ao galego estándar, neutro, de ningún sitio. Fronte a este, o castrapo tamén é denominado “o noso galego”, “galego de aquí”, “galego con gheada”, “galego de Villalba” (Formoso / Iglesias / Rial no prelo), denominacións nas que se pon de relevo a súa singularidade: unha variedade “de algún lugar”, que representa as súas raíces, como sinalaba Woolard (2007: 131-2) na cita reproducida máis arriba.

4.2. Galeguismos: o castelán de Galicia

Todos os informantes admiten tamén a influencia do galego no castelán, pero restándolle importancia, de xeito que para os castelanfalantes a súa variedade de castelán resulta moi ben situada nos criterios que eles mesmos establecen para valorar a calidade lingüística: grao de aproximación ao estándar e índice de mestura, tal como xa analizamos noutro artigo (Formoso / Iglesias / Rial no prelo). Os exemplos que citan de variedades máis afastadas do estándar e, por isto mesmo, peor valoradas son o andaluz e o castelán de Suramérica.

En contraste co castrapo, o castelán de Galicia aparece caracterizado, sempre segundo o alumnado, sobre todo no plano fónico (acento) e morfosintáctico (ausencia de tempos compostos) e, en menor medida, no léxico. Neste último só citan algunhas palabras, como “cacho”, “colo”, ou “parvo”, e expresións fixas (idiomatismos), que nalgúns casos mesmo presentan como caracterizadoras da fala dun individuo concreto, isto é, do seu idiolecto: “por exemplo yo hablo castellano pero a veces se me cuegan palabras de gallego por exemplo no me dá xeito no sé es una frase típica mía” (G5).

Esta visión coincide en gran medida coa análise dos especialistas, como se pode comprobar en Rojo (2004), Moreno Fernández (2009: 123-124), ou Dubert (2002: 20). Este último autor destaca que se trata de formas que “non están estigmatizadas en ningún grupo social”. Non obstante, os informantes en ningún momento se refiren por exemplo ás perífrases, que si inclúen os autores citados (formas como “dar + participio”, co significado de ‘posibilidade’; ou “tener + participio”, con valor reiterativo). Isto pode ser un indicio do seu alto nivel de integración, que provoca que os falantes non sexan conscientes de que están cometendo unha “incorrección” desde o punto de vista do español estándar, mesmo por parte daqueles que amosan unha visión máis “purista” da lingua.

Como consecuencia do analizado ata aquí, temos que matizar a nosa conclusión da epígrafe anterior. Desde a perspectiva dos falantes, as variedades que conforman o repertorio lingüístico en Galicia son: castelán de Galicia, castrapo e galego estándar. Mentres os galegofalantes e bilingües manifestan incorporar as tres aos seus usos lingüísticos, en proporcións bastante disparejas segundo os casos, os castelanfalantes limitáanse á primeira, isto é, ao castelán de Galicia. Non obstante, coincidimos con Dubert (2002: 21), cando insiste en que

o castelán agalegado ou basilectos casteláns de Galicia non constitúen unha masa uniforme que se opoña ó castelán culto de Galicia ou ós acrolectos casteláns [variedade máis tendente ao castelán estándar xeral], senón que quizais se poidan establecer diferentes variedades con límites difusos ó longo dun contínuum.

Mais os castelanfalantes presentan a súa propia variedade como homoxénea e ademais moi próxima ao castelán estándar. Como xa vimos, os galegofalantes tamén presentan o seu caste-

lán como moi próximo ao estándar, no seu caso ademais reforzado polo argumento de que o aprenden nun ámbito formal, a través do ensino⁴.

Esta conclusión contrasta coa sinalada por Recalde (2012), pois segundo esta autora, para os seus informantes, “el EdG [español de Galicia] es un castellano mal hablado”. En cambio, na nosa investigación, polo menos en contraste co galego non estándar (“castrapo”), aquel resulta moito mellor valorado e, de feito, os nosos informantes tenden a xustificar a presenza de “galeguismos” na súa fala e a reivindicar que tamén está “ben falada”. Estas diferenzas poden deberse ás distintas técnicas metodolóxicas empregadas e ao perfil social dos informantes, xa que no noso caso se trata dunha poboación moi nova (menores de 18 anos) e os datos que ela manexa responden a unha franxa de idade desde os 20 ata máis de 54 anos. Ademais, neste estudo contrastábase o castelán de Galicia co estándar académico do español, é dicir, non entraba na comparación o galego.

5. CULTURA DA MONOGLOSLIA

Do mesmo xeito que o normal, no sentido de máis frecuente, é o plurilingüismo, tamén o é, en consecuencia, o contacto lingüístico, aínda máis hoxe en día, a raíz da globalización e os avances tecnolóxicos, que multiplican as posibilidades de intercomunicación. A pesar disto, vivimos nunha cultura na que se adoita presentar o esquema ideolóxico contrario: o considerado normal é o monolingüismo e o estraño son as sociedades bilingües e, polo tanto, o contacto de linguas e as súas consecuencias. Isto é o que José del Valle (1999) denomina “culture of monoglossia”, recorrendo a unha noción similar á que presentan J. e L. Milroy (1991) como “ideology of standardization”. Estas ideoloxías baséanse na “possession of a well defined and relatively stable grammar” como o que caracteriza un individuo e a súa comunidade desde o punto de vista lingüístico (Del Valle 1999: 119). Como consecuencia, levan a concibir as linguas como entidades fixas, invariantes e estables (Milroy / Milroy 1991: 26), nas que polo tanto a diversidade é considerada incorrección, falacia e deturpación. O que busca esta ideoloxía monoglósica ou da estandarización é a uniformidade, tanto desde o punto de vista interlingüístico (debemos tender a instalarnos nunha soa lingua), como intralingüístico (tendencia a converxer co estándar). Esta ideoloxía xa foi analizada con respecto ao español por lingüistas como Del Valle (2004 ou 2007) ou Moreno Cabrera (2010), que visibilizan a ideoloxía que emana da propia Real Academia Española e que pretende reducir a diversidade dialectal existente na chamada lingua de Cervantes. En palabras de Del Valle (2007: 41):

Desde las agencias a cargo de la política lingüística española se ha ido mucho más allá de la simple elaboración de la norma culta del español. La preservación de la unidad del idioma, es decir, la garantía de la lealtad de los hispanohablantes a la norma culta y a sus guardianes, y la promoción internacional del español, es decir, el estímulo y explotación de un interés por la lengua española en el mundo, han sido declarados objetivos prioritarios por la Academia y el Cervantes respectivamente. (...) En otras palabras, se ha producido una ideología lingüística.

Esta ideoloxía, seguindo unha dirección *top-down*, é a que atopamos no noso alumnado castelanfalante, ao restarlles importancia aos galeguismos presentes na súa fala.

Aínda que, no noso caso, vivimos nunha comunidade bilingüe e existe todo un discurso que pretende poñer en valor o bilingüismo, este mesmo discurso incorre ás veces nos esquemas da cultura monoglósica. Así, atopamos na nosa comunidade dous discursos paralelos:

⁴ En relación con isto, tamén o termo “castelanismo” semella moito máis estendido que “galeguismo”, aínda que fronte a ambos, o que sen dúbida máis aparece nos discursos é o substantivo “castrapo” e os seus derivados, “castrapear” e “castrapeos”. Nos discursos dos sete grupos, o termo “galeguismo” só é empregado en dúas ocasións e pola mesma informante, mentres que “castelanismo” aparece en tres grupos (no G4 e no G5 só unha vez; no G2 en varias ocasións). Como xa dixemos, en cambio o termo “castrapo” aparece en todos os grupos de forma reiterada. Só como indicio, fronte ás sete veces que aparece o termo “castelanismo” no currículo da materia de Lingua galega, o seu correspondente en castelán, “galeguismo”, está totalmente ausente da materia de Lingua castelá.

- Un discurso sobre as linguas desde unha perspectiva xeral que defende o respecto pola diversidade lingüística (todas as linguas e variedades lingüísticas enriquecen) e as vantaxes do bilingüismo.
- Un discurso sobre o caso concreto da lingua galega, que penaliza as variedades lingüísticas diferentes da estándar (rexeiemento de castelanismos léxicos proscritos no estándar e de trazos dialectais como a gheada), así como a alternancia de códigos galego-castelán, isto é, os comportamentos bilingües individuais.

Como analiza Regueira (2012: 195),

desde a entrada do galego no sistema escolar e o arranque do proceso de normalización lingüística un dos obxectivos foi a promoción de ideas de non discriminación e de dignificación da lingua galega, mais en boa parte mantense a base ideolóxica de que existe unha (e só unha) forma correcta de escribir e mesmo de falar a lingua.

No marco desta “ideoloxía do estándar”, preséntase a evolución lingüística como unha tendencia natural á uniformidade, no sentido de aproximación ao estándar establecido, e enténdese que o comportamento lingüístico dos individuos tenderá a converxer baixo a presión da norma estándar, de acordo coa visión monolítica das linguas na que se sustenta. Como consecuencia, a variación dialectal verase reducida.

Desde o noso punto de vista, o tratamento que se lle outorgou ao estudo do contacto galego-castelán na nosa investigación lingüística reflicte esta ideoloxía, caendo ademais no engano de aplicar criterios diferentes segundo se trate das influencias nunha ou noutra dirección.

En primeiro lugar, chama a atención a escaseza de estudos dedicados á influencia do galego no castelán, como sinalan Recalde (2012) e Rojo (2004) en cadanseu artigo sobre o “español de Galicia”: “Los no demasiado numerosos trabajos dedicados a las características del español de Galicia” (Rojo 2004: 1091).

En contraste, é notable a proliferación de estudos dirixidos a estudar o nivel de penetración do castelán no galego. Na *Guía bibliográfica de lingüística galega*, na epígrafe 4.3. titulada “Consecuencias lingüísticas do conflito: as interferencias e os cambios de código”, os seus autores comezan afirmando: “A maioría dos traballos realizados sobre interferencias centráronse no estudo do influxo do castelán na lingua galega” (Regueira *et al.* 1996: 80). Máis recentemente, na revisión bibliográfica levada a cabo por min, mantense esta tendencia, de xeito que agás algunha referencia dedicada ao estudo dos galeguismos (Romero / Núñez Singala 2004, Álvarez de la Granja / López Meirama 2013), a maioría céntrase nas “interferencias” do castelán no galego⁵. En moitas destas achegas, ademais, o estudo dos “castelanismos” preséntase baixo o título xenérico de “interferencias”, sen especificar no título o sentido no que se van abordar.

Por outra parte, nas escasas referencias bibliográficas existentes sobre o castelán ou español de Galicia, os autores encárganse de rexeitar precisamente o termo “interferencia” para aplicalo ás influencias do galego nesta variedade. Así, Rojo (2004: 1090) aclara que “no son realmente interferencias, sino casos de integración de fenómenos propios del gallego que se han incrustado en el español que habla una buena parte de la población gallega”. No mesmo sentido, Moreno Fernández (2009: 124), despois de citar os trazos característicos do “castellano de Galicia”, engade:

Todos esos rasgos tienen su origen en la lengua gallega, pero han pasado a la modalidad castellana de Galicia con tal determinación y, en muchos casos, desde hace tanto tiempo, que ya no estamos ante voces o usos prestados: son voces o usos del castellano gallego. El castellano que incorpora tales elementos no es sentido como foráneo y esas características lingüísticas pueden encontrarse prácticamente en todo hablante de Galicia, incluidos los más cultos y prestigiosos.

⁵ Sen pretender en absoluto ser exhaustivos, ofrecemos só a modo de exemplo as seguintes referencias: Kabatek 1991 e 2000, Álvarez de la Granja 2003, Dubert 2005, Fernández Salgado 2004, Hermida Gulías 2004, Silva Domínguez 2003 etc. Tamén hai algunha investigación que estuda a influencia nos dous sentidos, como a de Silva Valdivia 2004.

Isto non quere dicir que consideren que se trata dun fenómeno menor, máis ben ao contrario. Rojo (2004: 1098), despois de analizar as “peculiaridades” fonéticas e gramaticais do español de Galicia, aclara con respecto ás “peculiaridades léxicas”: “Las palabras gallegas integradas en diferentes formas en el léxico del español de Galicia son, por tanto, muy numerosas, de modo que resulta imposible hacer aquí siquiera una aproximación a este conjunto”.

Polo tanto, cando se fala do castelán de Galicia, rexéitase aplicar o termo interferencia aos galeguismos que o definen. En cambio, cando se fala da calidade lingüística do galego, insístease reiteradamente na abundancia de castelanismos, denominados “interferencias”, “deturpacións”, “solucións espurias”, “formas foráneas”, en oposición a “voces patrimoniais galegas”, “vocábulos autóctonos”, “solucións propias” ou “formas propias”. Por suposto, estas últimas son as que caracterizan o “galego auténtico”, o “bo galego”, mentres que o “outro galego” é cualificado como “inauténtico” e “mal galego”.

Na nosa opinión, baixo este tipo de afirmacións está actuando a ideoloxía que reduce a lingua á norma estándar, de acordo coa cultura monoglósica e a ideoloxía da estandarización.

En definitiva, este discurso contribúe, sen dúbida, a asociar o fenómeno da interferencia directamente coa lingua galega, con todas as connotacións negativas que isto implica, xa que, como acabamos de ver, as interferencias aparecen vinculadas a denominacións claramente pexorativas. A situación agrávase debido a que o concepto de interferencia non se aplica sempre co mesmo significado, non xa na lingua común senón na propia bibliografía especializada. Xa Silva Valdivia (1991: 29) denunciaba esta situación, indicando que “é moi frecuente incluír baixo este rótulo calquera fenómeno de intercambio ou transferencia (léxica, morfosintáctica, fonética etc.) entre dúas linguas que conviven socialmente nun mesmo territorio”. De feito, a vaguidade non é exclusiva da lingüística galega e remóntase á propia orixe do concepto. Como sinalaba Blas Arroyo (1993: 19), “todavía hoy se mantienen numerosas discrepancias entre los investigadores sobre muchos aspectos relacionados con la interferencia lingüística; y a ello ha contribuido, sin duda, la propia imprecisión del concepto”. Consideramos que a falta de concreción continúa ata a actualidade e que, en consecuencia, cómpre revisar esta terminoloxía en futuros estudos.

6. CONCLUSIONES

A maior parte dos planificadores do proceso de estandarización do galego, ao defenderen unha ideoloxía purista, sitúanse na cultura da monoglosia ou ideoloxía da estandarización, que conduce a solicitar a converxencia cara á variedade elevada á categoría de estándar, en detrimento das diferentes variedades dialectais, englobadas polos falantes baixo a etiqueta xenérica de castrapo. Así, a súa sobrevaloración dos castelanismos (léxicos) no galego tradicional (castrapo) provoca que se acentúen as diferenzas entre este e a variedade estándar, mentres que no caso do castelán, ademais, acontece á inversa: tende a minimizarse a distancia existente entre o castelán de Galicia —con todos os seus galeguismos— e o castelán estándar (peninsular).

Os galegofalantes obxecto da nosa investigación (alumnado de 4º de ESO) reproducen en parte esta ideoloxía, sobre todo no que respecta á importancia outorgada aos castelanismos léxicos no seu galego (castrapo). Non obstante, desde unha perspectiva heteroglósica, defenden o mantemento dun repertorio plurilingüístico e pluridialectal, o que lles permite presentar a súa variedade tradicional como “lexítima” para os usos familiares e coloquiais. Para eles e elas, este “castrapo” é a variedade “auténtica”, segundo o significado de Woolard, a que contén valor simbólico; fronte ao estándar, ao que asignan un valor puramente instrumental (variedade para ser usada nos contextos máis formais e públicos).

En definitiva, temos que ser capaces de modificar os esquemas conceptuais impostos pola cultura monoglósica e elaborarmos un novo discurso no que os galegofalantes tradicionais e o seu castrapo teñan cabida tamén na calidade da lingua. Se provocamos que os galegofalantes se sintan excluídos do proceso de estandarización da súa propia lingua, dificilmente imos ter éxito non xa na difusión do estándar, senón no propio mantemento e recuperación de falantes. Trátase, na nosa opinión, de potenciar a variación diafásica e o dominio dun amplo repertorio

lingüístico, de xeito que os falantes poidan escoller entre diferentes opcións segundo os contextos. Desta maneira, poderemos ser “puristas” con respecto á variedade estándar pero sen a concibirmos como a única lexítima. Consideramos que esta postura tamén é compatible coa existencia nos usos públicos e formais dun estándar coidado, tal como defende Regueira (2012: 196), pero sempre sen excluírmos da lingua de calidade os galegofalantes tradicionais e o seu castrapo.

AGRADECEMENTOS

Este artigo é resultado das reflexións levadas a cabo a raíz da realización dun grupo de traballo como profesora de secundaria. Ademais de todos os profesores e profesoras que participaron nas súas diferentes fases, quero dar as grazas aquí especialmente a Xosé Álvarez, Salomé Díaz, Valentina Formoso e Ana Rial. Os observadores internos da realidade que están a estudar corren o risco de caer na procura dos seus propios estereotipos e seguramente así acontecerá nalgúns casos nestas liñas sen ser eu mesma consciente. Non obstante, penso que o feito de ter debatido con elas e el todas estas cuestións axudoume en gran medida a ver aspectos diferentes dos que eu estaba a buscar e que ás veces por non buscalos non os atopamos. Por isto, os meus máis sinceros agradecementos. Tamén quero darlles as grazas aos dous revisores anónimos, cuxas apreciacións e contribucións foron de grande axuda.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Álvarez de la Granja, María (2003): “As interferencias na fraseoloxía”, en Carmen Cabeza / Anxo Lorenzo Suárez / Xoán Paulo Rodríguez-Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo*. Vigo: Universidade de Vigo, 614-624.
- Álvarez de la Granja, María / Belén López Meirama (2013): “A presenza do galego no léxico dispoñible do español de Galicia. Análise distribucional”, en Eva Gugenberger / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 49-96. <http://consellodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=2065>.
- Bagno, Marcos (2003): *A norma oculta. Lingua & poder na sociedade brasileira*. São Paulo: Parábola Editorial.
- Blas Arroyo, José Luis (1993): *La interferencia lingüística en Valencia (dirección: catalán-castellano)*. Valencia: Publicacions de la Universitat Jaume I.
- Callejo Gallego, Javier (2001): *El grupo de discusión: introducción a una práctica de investigación*. Barcelona: Ariel.
- DOG, Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2015/20150629/AnuncioG0164-260615-0002_gl.html [03/06/2016].
- Dubert García, Francisco (2002): “Os sociolectos galegos”, *Cadernos de lingua* 24, 5-27. http://academia.gal/documents/10157/23708/Cadernos_24.pdf.
- Dubert García, Francisco (2005): “Interferencias del castellano en el gallego popular”, *Bulletin of Hispanic Studies* 83/3, 271-291.
- Eagleton, Terry (1997): *Ideología. Una introducción*. Barcelona: Paidós.
- Fernández Salgado, Benigno (2003): “Pureza e contaminación na estandarización da lingua”, en María Álvarez de la Granja / Ernesto X. González Seoane (eds.), *A estandarización do léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 93-127. <http://consellodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=297>.
- Fernández Salgado, Benigno / Henrique Monteagudo (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en Henrique Monteagudo (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*. Vigo: Galaxia, 109-176.
- Fernández Salgado, Xosé A. (2004): “A interferencia do castelán no léxico galego: o castelanismo como recurso eufemístico”, en Rosario Álvarez / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade*, tomo I. Santiago de Compostela: Consello da Cultura galega / Instituto da Lingua Galega, 501-507.

- Formoso, Valentina / Ana Iglesias / Ana Rial (no prelo): "Percepción do alumnado galego ante as variedades dialectais propias e alleas", *Verba*.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2009): *Lingua de Calidade*. Vigo: Xerais.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2013): *Estilística da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2014): "Lingua oral, calidade de lingua e futuro do galego", en Xosé Sánchez Rei (ed.), *Modelos de lingua e compromiso*. A Coruña: Baía Edicións.
- González González, Manuel (2012): "Evolución da situación lingüística en Galicia nos últimos quince anos", *A letra miúda. Revista de sociolingüística para o ensino* 1, http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art4_n1.html.
- González González, Manuel / Antón Santamarina Fernández (coords.) (2004): *Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLGa)*. A Coruña: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- González González, Manuel / Antón Santamarina Fernández (eds.) (2012): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Graña Núñez, Xosé (1993): Vacilacións, interferencias e outros "pecados" da lingua galega. Vigo: Ir Indo.
- Haugen, Einar (1983): "The Implementation of Corpus Planning: Theory and Practice", en Juan Covarrubias / Joshua A. Fishman (eds.), *Progress in language planning: international Perspectives*. Berlin: Mouton, 269-289.
- Hermida Gulías, Carme (2004): "A lingua da publicidade", en Rosario Álvarez / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade*, tomo I. Santiago de Compostela: Consello da Cultura galega / Instituto da Lingua Galega, 361-378.
- Iglesias Álvarez, Ana (2013): "Eu falo castrapo' – Actitudes dos adolescentes ante a mestura de linguas en Galicia (estudo piloto)", en Eva Guengerber / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 169-190. <http://consellodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=2065>.
- Kabatek, Johannes (1991): "Interferencias entre galego e castelán, problemas do galego estándar", *Cadernos de lingua* 4, 39-48.
- Kabatek, Johannes (2000): *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual*. Vigo: Xerais.
- Kabatek, Johannes (2004): "A diferenciación diatópica do galego actual", en Rosario Álvarez / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade*, tomo I. Santiago de Compostela: Consello da Cultura galega/Instituto da Lingua Galega, 379-388.
- Kloss, Heinz (1969): *Research Possibilities on Group Bilingualism. A Report*. Quebec: Centre International de Recherches sur le Bilinguisme.
- Lamuela, Xavier / Henrique Monteagudo (1996): "Planificación lingüística", en M. Fernández Pérez (coord.), *Avances en lingüística aplicada*. Santiago de Compostela: Universidade, 229-302.
- Milroy, James / Leslie Milroy (1991): *Authority in Language*. London / New York: Routledge.
- Monteagudo, Henrique (2004): "Do uso á norma, da norma ao uso (variación sociolingüística e estandarización no idioma galego)", en Rosario Álvarez / Henrique Monteagudo (eds.), *Norma lingüística e variación*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, 377-436.
- Moreno Cabrera, Juan Carlos (2010): *O nacionalismo lingüístico*. Cangas do Morrazo: Edicións Morgante.
- Moreno Fernández, Francisco (2009): *La lengua española en su geografía*. Madrid: Arco/Libros.
- O'Rourke, Bernadette / Fernando Ramallo (2013): "Competing ideologies of linguistic authority amongst new speakers in contemporary Galicia", *Language in Society* 42, 287-305.
- Real Academia Galega (2004): *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego*. A Coruña / Santiago de Compostela: Real Academia Galega / Instituto da Lingua Galega.
- Recalde, Montserrat (2003): "The Castilianist theory of the origin of the gheada revisited", *Estudios de Sociolingüística* 3 (2) / 4 (1), 43-74.
- Recalde, Montserrat (2012): "Aproximación a las representaciones sociales sobre el español de Galicia", en Tomás Jiménez Juliá et al. (eds.), *Cum corde et in nova grammatica. Estudios ofrecidos a Guillermo Rojo*. Santiago de Compostela: Universidade, pp. 667-680.
- Regueira Fernández, Xosé L. et al. (1996): *Guía bibliográfica de lingüística galega*. Vigo: Xerais.

- Regueira, Xosé L. (1999): "Estándar oral e variación social da lingua galega", en Rosario Álvarez / Dolores Vilavedra (coords.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*. Santiago de Compostela: Universidade, 854-875.
- Regueira, Xosé L. (2012): "Autenticidade e calidade da lingua: purismo e planificación lingüística no galego actual", *Estudos de lingüística galega* 4, 187-201.
- Rei-Doval, Gabriel (2013): "Purismo e control normativo na lingua galega: análise crítica dunha proposta actual", en Eva Gugenberger / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 259-286. <http://consellodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=2065>.
- Rojo, Guillermo (2004): "El español de Galicia", en Rafael Cano (coord.), *Historia de la lengua española*. Barcelona: Ariel, 1087-1101.
- Romaine, Suzanne (1996 [1994]): *El lenguaje en la sociedad. Una introducción a la sociolingüística*. Tradución de Julio Borrego Nieto. Barcelona: Ariel.
- Romero, Patricia / Manuel C. Núñez Singala (2004): "Interferencias entre galego e castelán na prensa escrita en Galicia", en Rosario Álvarez / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade*, tomo I. Santiago de Compostela: Consello da Cultura galega / Instituto da Lingua Galega, 535-545.
- Sanmartín Rei, Goretti (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación*. Vigo: Xerais.
- Silva Domínguez, Carme (2003): "Un novo intento de clasificación das interferencias do castelán sobre o galego, coa perspectiva do ensino primario e secundario ó fondo" en Carmen Cabeza / Anxo Lorenzo Suárez / Xoán Paulo Rodríguez-Yáñez (eds.), *Comunidades e individuos bilingües: Actas do I Simposio Internacional sobre o Bilingüismo*. Vigo: Universidade, 818-833.
- Silva Valdivia, Bieito (1991): "Tipoloxía das manifestacións de contacto lingüístico en Galicia. Algunhas consideracións", *Cadernos de lingua* 4, 27-38.
- Silva Valdivia, Bieito (2004): "Un aspecto da avaliación da competencia: identificación e valoración de interferencias lingüísticas", en Rosario Álvarez / Francisco Fernández Rei / Antón Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade*, tomo I. Santiago de Compostela: Consello da Cultura galega / Instituto da Lingua Galega, 415-429.
- Silva Valdivia, Bieito (2013): "Galego e castelán: entre o contacto e a converxencia", en Eva Gugenberger / Henrique Monteagudo / Gabriel Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 287-314. <http://consellodacultura.gal/mediateca/documento.php?id=2065>.
- Thomason, Sarah G. (2001): *Language contact*. Washington D. C.: Georgetown University Press.
- Valle, José del (1999): "Monoglossic policies for a heteroglossic culture: misinterpreted multilingualism in Modern Galicia", *Language and communication* 20/1, 105-132.
- Valle, José del (2007): "Gltopolítica, ideología y discurso: categorías para el estudio del estatus simbólico del español", en José del Valle (ed.), *La lengua, ¿patria común?. Ideas e ideoloxías del español*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert, 13-30.
- Valle, José del / Luis Gabriel-Stheeman (2004): "Nacionalismo, hispanismo y cultura monoglósica", en José del Valle e Luis Gabriel-Stheeman (eds.), *La batalla del idioma*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert, 15-34.
- Van Dijk, Teun A. (2003): *Ideología y discurso*. Barcelona: Ariel.
- Woolard, Kathryn A. (2007): "La autoridad lingüística del español y las ideoloxías de la autenticidad y el anonimato", en José del Valle (ed.), *La lengua, ¿patria común?. Ideas e ideoloxías del español*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuert, 129-142.